



O Real decreto 1497/87 do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns ós planos de estudio, modificado parcialmente polos Reales decretos 779/1998 de 30 de abril, 1267/94 de 10 de xuño; 2347/1996 de 8 de novembro e 614/1997 de 25 de abril, establece a posibilidade de valorar como créditos do curriculum a realización de prácticas en empresas. A normativa de xestión académica da Universidade recolle o procedemento para a realización das ditas prácticas establecendo a dun convenio previo entre as empresas e a universidade e unha convocatoria.

Asinados os convenios coas empresas correspondentes a iniciativa do Departamento de Enxeñería Química compre face-la oportuna convocatoria para a realización de prácticas en empresas para os alumnos que estean a cursar estudos de Enxeñería Química. E por isto que,

**ESTE RECTORADO RESOLVEU:**

**PRIMEIRO.- CONVOCATORIA**

1.1 Ós efectos da realización de prácticas en empresas para os alumnos que estean a cursar estudos de Enxeñería Química nesta universidade convócanse as prazas que a continuación se relacionan:

EMPRESA	Nº DE PRAZAS	LOCALIDADE
SOGARISA	1	Somozas - A Coruña
CONSERVAS GARAVILLA	1	O Grove- Pontevedra
ESPIÑA Y DELFIN	1	Santiago- A Coruña
RUSSULA, S.A.	2	A Coruña
CEMENTOS COSMOS	1	Toral de los Vados- León
	1	Sarria- Lugo
CZ VETERINARIA	1	Porriño- Pontevedra
PICUSA	1	Padrón- A Coruña
ALUMINIOS CORTIZO	2	Padrón- A Coruña
REYES HERMANOS	1	Marcón- Pontevedra
FEIRACO	1	Negreira- A Coruña
CERÁMICAS CAMPO	1	Laracha- A Coruña
IDOM	2	Santiago- A Coruña
GRUPO EMPRESAS ÁLVAREZ	5	Arcade e Vigo- Pontevedra
SARGADELOS	1	Sargadelos- Lugo
MAGNESITAS DE RUBIAN	1	Sarria- Lugo
FINSA	1	Santiago - A Coruña



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2. A realización das prácticas terá unha duración máxima de 400 horas que se realizarán durante os meses de xullo, agosto e setembro en horario a definir pola empresa e que no poderá ser superior a xornada laboral.

## SEGUNDO.- SOLICITUDES

2.1. A solicitude, dirixida ó rector da Universidade de Santiago de Compostela, presentarse no Servizo de Alumnado ou na Vicexerencia do Campus de Lugo antes do **6 de xullo**. No caso de que o alumno solicite praza en mais dunha empresa relacionaranse estas **por orde de preferencia**.

2.2. Xunto coa solicitude o alumno presentará curriculum vitae no que se reflíctan outros estudos, idiomas, coñecementos de informática, e outros coñecementos e experiencias que procedan.

## TERCEIRO.- SELECCIÓN

3.1. Os alumnos serán seleccionados por unha comisión composta polo Director do Departamento de Enxeñería Química, dous profesores elixidos polo departamento e dúas persoas designadas pola empresa.

3.2. A dita comisión seleccionará os alumnos consonte os seguintes criterios:

3.2.1. Terán preferencia na selección os alumnos que teñan superado o primeiro ciclo.

3.2.2. A valoración do expediente académico supoñerá polo menos o 70% da puntuación pola que se seleccionará ós alumnos.

3.2.3. O 30 % da puntuación restante valorarase consoante ós criterios que se farán públicos xunto coa relación de alumnos seleccionados e que atenderán a o curriculum vitae: outros estudos, idiomas, coñecementos de informática, entre outros coñecementos e expediencias; e ter cursadas materias optativas relacionadas coas empresas implicadas.

3.3. Non poderán ser seleccionados os alumnos que teñan xa cursados tódolos créditos de libre configuración establecidos no plano de estudos ou que tiveran superado o límite de 20 créditos establecido no mesmo para o recoñecemento de créditos por equivalencia.

3.4. Finalizado o proceso selectivo a comisión fará pública a relación de alumnos admitidos e non admitidos así como os criterios seguidos, indicando as puntuacións outorgadas a traveso dos taboleiros de anuncios da Facultade e do Departamento de



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Enxeñería Química. Contra a dita relación os interesados poderán presentar reclamacións dentro dos 3 días hábiles seguintes ó da publicación.

3.5. Rematado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas pola comisión esta remitirá a relación definitiva dos alumnos admitidos xunto coa puntuación outorgada ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións.

## CUARTO.- MATRÍCULA E EFECTOS ACADÉMICOS DAS PRÁCTICAS

4.1. Os alumnos admitidos deberán formaliza-la matrícula na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur antes do inicio das prácticas.

4.2. As prácticas realizadas e superadas serán recoñecidas como créditos de libre configuración curricular no expediente académico do alumno a razón de 1 crédito por cada 30 horas.

4.3. Para o dito recoñecemento das prácticas, que non devengará prezos públicos, os alumnos deberán aportar certificación expedida polo Director do Departamento responsable das prácticas na que se recolla o número de horas e créditos que se haberán de recoñocer.

QUINTO.- A Comisión Mixta de Selección e Seguimento atenderá tódalas cuestións que suscite a convocatoria, independentemente das facultades que o marco xurídico otorga ó Rector.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 1998

**O RECTOR.**

Dario Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN; SR. DECANO DA F. DE QUÍMICA; SR. DIRECTOR DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA QUÍMICA; SRS. REPRESENTANTES DAS EMPRESAS; SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO.